

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE DECEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto da planta de produción de hidróxeno verde en Meirama, promovido por Naturgy, Repsol e Reganosa.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproba a Estratexia Retorna 2023-2026.
- Acordo polo que se ordena a intervención da Xunta de Galicia como parte coadxuvante no marco dun recurso de anulación presentado polo sector pesqueiro galego contra o Regulamento de execución (UE) 2022/1614, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas existentes e se establece unha lista de zonas en que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, nos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e 58 federacións deportivas galegas, para a promoción e desenvolvemento das súas modalidades deportivas, por importe total de catro millóns cento oitenta e cinco mil trescentos dez euros (4.185.310,00 €), tramitados como expediente anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Piragüismo, para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023, por importe de cincocentos trinta mil trescentos setenta e dous euros (530.372,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda pola que se prorroga e actualiza o convenio suscrito o 27 de decembro de 2018 entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia para os anos 2022, 2023, 2024 e 2025 por un importe de seis millóns de euros (6.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, por importe total de catrocentos mil euros (400.000,00 €), que se tramita como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Coirós para o saneamento no núcleo de Anta, Coirós (A Coruña), financiado ao 100 % a parte elixible pola Unión Europea no marco do eixo React UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de trescentos vinte e sete mil douscentos cincuenta e un euros con vinte e sete céntimos (327.251,27 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que autoriza a sinatura do Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a rehabilitación da ponte internacional sobre o río Miño entre Salvaterra do Miño e Monção por importe de trescentos setenta e oito mil seiscentos nove euros con trinta e sete céntimos (378.609,37 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Brión para o acondicionamento do treito da estrada AC-543 entre os pp.qq. 8+390 ao 10+000 e cambio de titularidade en favor do concello, por importe total de seiscentos cinco mil catrocentos dous euros con setenta e dous céntimos (605.402,72 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de ordenación do litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80 % da contía da subvencións derivadas da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero por importe de seiscentos oitenta mil euros (680.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80 % nas subvencións derivadas da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por importe de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a incrementar as porcentaxes máximas dos pagamentos anticipados e a eximir da constitución de garantías de conformidade co previsto nos artigos 63 e 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023 por un importe nove millóns cento setenta e cinco mil douscentos noventa e tres euros (9.175.293,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral, dos equipos industriais e instalacións de climatización, electricidade e incendios no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo e do mantemento das instalacións de protección contraindicados no Hospital de Calde, ambos os hospitais pertencentes á Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, tramitado co nº de expediente AB-ASL1-23-001 para un período de tres anos de contrato máis dous anos de prórroga, por importe de dous millóns oitocentos cincuenta e un mil cento vinte e seis euros con cincuenta céntimos (2.851.126,50 €) IVE engadido e un valor estimado de catro millóns trescentos noventa e oito mil catrocentos trinta e dous euros con oito céntimos (4.398.432,08 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de dispositivos de asistencia ventricular de longa duración con destino a distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de catro millóns douscentos cincuenta mil catrocentos euros (4.250.400,00 €) sen IVE, tramitado como anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun servizo de medios aéreos destinados á prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia durante os anos 2023, 2024, 2025 e 2026. 2 lotes. Proposta 69/22-I. Tramitación anticipada de gasto. Expediente CMR-2023-0005, polo importe de licitación de trece millóns catrocentos vinte e seis mil trinta euros con trinta e catro céntimos (13.426.030,34 €), exento de IVE, e cun valor estimado (posibles prórrogas incluídas) de vinte e catro millóns novecentos corenta e un mil cincocentos setenta e un euros con vinte e tres céntimos (24.941.571,23 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (Acruqa), para continuar coa execución dun programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de seiscentos mil euros (600.000,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramitado como anticipado de gasto.
-
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego (APRG), para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo de Pura Raza Galego (PRG) en actividades deportivas, de exposición e lecer, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de cento setenta e catro mil euros (174.000,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramitado como anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores da Raza Porco Celta (Asoporcel), para continuar coa execución de actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de cinco centos trece mil euros (513.000,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Federación de Razas autóctonas de Galicia (Boaga), para continuar coa execución das actividades de conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootécnicos das razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción, da Ovella Galega, Cabra Galega, Galiña de Mos, e dos seus produtos derivados, fomentando o uso comercial destes, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe dun millón douscentos corenta e catro mil euros (1.244.000,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde), para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación *ex situ* dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, destinadas ás razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe total de catrocentos corenta mil euros (440.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga), para continuar coa execución das actividades de conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootécnicos da raza equina Cabalo de Pura Raza Galega, e o fomento e promoción dos seus produtos derivados, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos corenta e tres mil euros (243.000,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o encargo a Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec) para a realización dos programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2023, por un importe total de seis millóns trescentos sesenta e un mil catrocentos cincuenta e tres euros con corenta e nove céntimos (6.361.453,49 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución dos programas dos fondos estruturais 2014-2020 e avance do estado de situación dos proxectos financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A DECLARACIÓN DE INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA DO PROXECTO DE NATURGY, REPSOL E REGANOSA PARA CONSTRUIR UNHA PLANTA HIDRÓXENO VERDE EN MEIRAMA

- Salienta que o proceso permitirá a produción anual de 4.500 toneladas desta fonte renovable como produto principal para abastecemento da industria; e un subproduto -oxíxeno-, cunha produción estimada de 34.296 toneladas
- Adianta que a planta, de 30 MW na fase inicial, estará operativa en 2025
- O acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, e mantendo todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto
- Ata o de agora, son 17 iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia, cunha mobilización global que supera os 1.200 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a declaración de iniciativa empresarial prioritaria do proxecto de Naturgy, Repsol e Reganosa para construír unha planta de produción de hidróxeno verde en Meirama, no concello coruñés de Cerceda que, segundo avanzou, está previsto que estea operativa en 2025.

“Seguimos traballando para a recuperación das zonas afectadas polo peche de centrais térmicas”, salientou o mandatario galego, quen explicou que a principal vantaxe desta declaración -aprobada hoxe no Consello da Xunta- é a axilización dos trámites administrativos para pór en marcha o proxecto, “ao reducir á metade os prazos”.

O presidente da Xunta puxo en valor que a planta que se proxecta construír en Meirama ten como obxectivos “dinamizar a economía local, xeral empregos de calidade e apostar por novas industrias de baixo impacto industrial”.

Cun investimento de máis de 67 millóns de euros, Rueda adiantou que a previsión é producir, anualmente, 4.500 toneladas desta fonte de enerxía renovable para abastecemento da industria, ademais de obter, como subproduto, oxíxeno, cunha produción de 34.926 toneladas ao ano.

O titular do Executivo galego lembrou que, coa aprobada hoxe, xa son 17 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas, en referencia ás lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte) e agora a de Naturgy Nuevas Energías (en Meirama, Cerceda).

Aposta pola sustentabilidade industrial na transición enerxética

O proceso de produción de hidróxeno verde levarase a cabo mediante un sistema de electrólise alcalina alimentado 100 % con enerxía renovable. A planta, inicialmente, será de 30 MW e está, con posterioridade, o desenvolvemento dun hub de hidróxeno renovable que se ampliará en dúas fases ata 200 MW, e unha produción total de 30.000 toneladas ao ano.

Deste xeito, Galicia reforza a súa aposta pola sustentabilidade industrial no marco da transición enerxética cun proxecto que influirá no tecido económico local e da contorna, e que está aliñado cos principios da economía verde e circular. Neste sentido, a iniciativa vela polo menor impacto ambiental, a aposta por un combustible renovable para abastecer a industria, ademais de empregar enerxías renovables como fontes de subministración eléctrica.

Vantaxes das iniciativas empresariais prioritarias

Esta declaración –aprobada no Consello da Xunta por petición do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación– enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Neste marco, os investimentos totais programados polas empresas superan os 1.200 millóns de euros. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A ESTRATEXIA GALICIA RETORNA 2026 DUPLICA AS MEDIDAS E O ORZAMENTO DA ANTERIOR E BUSCA FACILITAR O REGRESO DE 30.000 GALEGOS DO EXTERIOR

- Resalta que é unha forma de recoñecer o dereito ao retorno dos galegos no exterior e unha vía para que Galicia gañe poboación e “compense o saldo vexetativo negativo”
- A nova Estratexia incidirá a través dun cento de propostas en catro áreas principais: laboral, educativa, social e asesoramento
- Contará con 450 millóns de euros, dos que 50 son para actuacións especificamente dirixidas aos galegos que queren volver á súa terra, 35 máis que a Estratexia Retorna 2020
- O documento dá continuidade a primeira actuación integral de retorno deseñada e posta en marcha en España, que permitiu que nos últimos cinco anos regresaran á Comunidade 28.000 galegos que residían no estranxeiro

O presidente da Xunta informou hoxe de que o Consello aprobou na súa reunión semanal a nova Estratexia Galicia Retorna 2023-26 (ERG2026), que duplica tanto en número de medidas (un cento) como en orzamento á súa predecesora, a Estratexia Retorna 2020, aprobada en 2018 e que mantivo a súa vixencia ata este ano. “O obxectivo é favorecer o regreso de 30.000 galegos do exterior”, resaltou Rueda, quen lembrou que a primeira Estratexia superou as previsións iniciais de retornos ao partir dun obxectivo de 20.000 ao facilitar finalmente o regreso de 28.000 galegos ou descendentes á Galicia.

Rueda resaltou que a continuidade deste programa -a primeira edición foi a primeira estratexia integral de apoio ao retorno posta en marcha en España- busca por unha vía facilitar o regreso a todos aqueles galegos “que teñen dereito” a volver a súa terra e por outro lado, “compensar o saldo vexetativo negativo” que rexistra Galicia. En concreto, o presidente lembrou que no primeiro semestre deste 2022, a comunidade rexistrou un saldo vexetativo negativo (-10.651) mentres que o saldo migratorio, é dicir, o número de persoas que chegaron a Galicia, fronte as que partiron foi positivo: 12.106 no análise das persoas procedentes doutros países e 622, respecto ao trasvase de poboación entre comunidades.

Das catro áreas en que incide a EGR2026, a laboral é a que aglutina unha maior cantidade de medidas (37), seguida da educativa (30), a social (25) e a de asesoramento, seguimento, coordinación e control (8). O documento inclúe, ademais, un aumento de propostas especificamente dirixidas aos galegos que queiran retornar, que pasan de contar cun orzamento de 15 millóns de euros a 50. A esta cifra hai que sumarlle aquelas medidas que ofrecen algún tipo de incentivo aos galegos do exterior que decidan regresar á súa terra, o que eleva o orzamento total a 450 millóns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase do documento reitor das liñas de actuación para os cidadáns galegos residentes no exterior que, na actualidade, superan o medio millón de persoas, entre emigrantes e os seus descendentes. Recolle, así, as principais liñas de traballo en materia de retorno co obxectivo de facer de Galicia a mellor opción para viviren para as galegas e galegos residentes no exterior.

Respecto aos obxectivos demográficos, ata 2021 foron 28.000 persoas as que chegaron á nosa comunidade integrando unha familia galega, e a nova Estratexia Retorna Galicia márcase superar esta cifra ata chegar aos 30.000 retornados.

Entre outras liñas de actuacións, permitirá proporcionar instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior, así como a súa incorporación ao mercado laboral a través de medidas específicas, e potenciaranse as plataformas creadas para a xestión integral da información de interese e o asesoramento técnico. Así mesmo, intensificarase o asesoramento, seguimento e apoio integral ás familias no retorno, e tamén ao emprendemento e ao autoemprego dos galegos retornados, en especial no rural galego; facilitarase o acceso á vivenda a través da incorporación da figura dos retornados as liñas de axuda para alugueiro, rehabilitación e compra; promoverase a continuidade educativa dos retornados e dos seus familiares; e facilitarase a participación nos programas de inclusión sociolaboral, reforzando a capacitación das habilidades transversais máis demandadas polo mercado laboral e apostando por programas de desenvolvemento persoal da xuventude retornada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SERÁ PARTE COADXUVANTE NO RECURSO DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES DE BURELA CONTRA O VETO Á PESCA DE FONDO PARA DEFENDER OS INTERESES DA FROTA

- O Executivo autonómico intensifica deste xeito o apoio que vén brindando desde o principio neste asunto tanto ao sector marítimo-pesqueiro afectado por esta prohibición como á Administración estatal
- Trátase dun paso máis na estratexia de Galicia que se engade á achega de argumentos técnicos e xurídicos feita para fundamentar tanto os recursos dos armadores como do Executivo central contra esta medida
- O Goberno galego debe presentar a demanda de intervención como parte coadxuvante no prazo de seis semanas a partir da publicación da presentación do recurso de anulación por parte do sector no *Diario Oficial da Unión Europea*

O Goberno galego acordou hoxe na reunión do Consello da Xunta intervir como parte coadxuvante no recurso de anulación presentado pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela (OPP-7) contra o Regulamento de execución da Comisión Europea que establece o veto á pesca de fondo en 87 zonas de augas comunitarias. Este feito permitiría á Administración autonómica participar no proceso, responder aos argumentos da parte demandada e reforzar os da parte demandante.

Deste xeito, o Executivo autonómico intensifica o apoio que vén brindando desde o principio neste asunto tanto ao sector marítimo-pesqueiro afectado por esta prohibición como ao Goberno estatal, que xa presentou o seu propio recurso e ao que Galicia achegou argumentos técnicos e xurídicos para fundamentalalo.

Esta actuación é un paso máis na defensa dos intereses da frota galega e enmárcase na aposta por avanzar na vía xudicial para frear esta prohibición. Adóptase para facer fronte a unha medida que no primeiro mes de vixencia supuxo a redución dun 50 % nas capturas e dun 20 % na facturación do palangre de fondo en Gran Sol. Ademais, provoca a saída da frota dunhas zonas de pesca en que veu faenando durante décadas a outras en que xa se atopan outros buques, co solapamento de áreas de traballo.

De aí a importancia de sumar esforzos nos recursos contra esta prohibición ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, tanto o presentado polo Executivo estatal como o interposto polo sector de xeito individual.

Trátase dunha decisión que se realiza para atender tamén as suxestións dos distintos asesores xurídicos consultados polo Executivo galego que aseguran que hai grandes posibilidades de que a Xunta sexa admitida a intervir como parte coadxuvante. De feito, esta actuación realízase tendo en conta que o Estado –que xa presentou o recurso– é un actor privilexiado e ten moito máis fácil xustificar e fundamentar os prexuízos que lle

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

causa como país membro. Nesta liña, indica que a fórmula de acompañar ao sector é a máis oportuna para a intervención dunha comunidade autónoma.

Presentación da demanda

A Xunta debe presentar a demanda de intervención como parte coadxuvante no recurso presentado pola OPP de Burela no prazo de seis semanas a partir da publicación do anuncio da súa presentación no *Diario Oficial da Unión Europea*. Posteriormente o Tribunal Xeral da Unión Europea deberá decidir sobre a demanda de intervención. No caso de ser admitida, débese presentar un escrito de formalización da demanda de intervención no prazo que fixe o Tribunal.

Este asunto aprobado hoxe no Consello da Xunta foi trasladado onte ao sector no pleno do Consello Galego de Pesca unha vez que rematou o prazo do sector para recorrer de xeito individual esta prohibición da Comisión Europea á pesca de fondo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SOBE UN 8 % OS CONVENIOS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS QUE EN 2023 SUPERARÁN OS 5 MILLÓNS DE EUROS PARA MARCAR O IMPORTE MÁIS ELEVADO DA HISTORIA

- No vindeiro 2023, a Secretaría Xeral para o Deporte ten proxectado un orzamento inicial de 44.071.363 euros, un orzamento que se incrementa un 36 % con respecto a 2022 (32.489.463 euros) e supón tamén o maior orzamento da historia do deporte galego
- Ademais, o Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan gozar do cen por cen do pagamento de xeito anticipado

O Consello da Xunta deu luz verde aos convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinará coas respectivas federacións deportivas. En total son 59 as federacións deportivas que xa teñen autorizados os seus convenios para realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade. Con todo, a Secretaría Xeral para o Deporte destinará en 2023 un total de máis de 5 millóns de euros (5.090.682 euros), un 8 % máis que o destinado en 2022 (4.715.682 euros), superando por vez primeira a dotación económica de 2010 (5.081.955,17 euros) para marcar a contía máis elevada da historia. Ademais, o Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan gozar do cento por cento do pagamento de xeito anticipado.

Os 5.090.682 euros son distribuídos atendendo criterios obxectivos, como son o número de licenzas totais, licenzas femininas e licenzas de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar.

Os 59 convenios autorizados na sesión de hoxe son os das federacións deportivas galegas de actividades subacuáticas (20.616 euros), aeronáutica (14.089 euros), atletismo (267.495 euros), automobilismo (45.983 euros), bádminton (105.371 euros), baile deportivo (14.588 euros), baloncesto (271.289 euros), balonmán (192.421 euros), béisbol e sófbol (8.640 euros), billar (21.177 euros), birlos (22.118 euros), boxeo (29.423 euros), caza (33.733 euros), deportes autóctonos (20.626 euros), ciclismo (120.009 euros), colombicultura (3.746 euros), colombofilia (8.060 euros), deporte adaptado (87.098

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

euros), deportes de inverno (9.371 euros), esgrima (37.669 euros), espeleoloxía (15.554 euros), esquí náutico (9.747 euros), fútbol (286.208 euros), golf (53.791 euros), halterofilia (62.368 euros), hípica (77.389 euros), hóckey (60.016 euros), judo e deportes asociados (141.805 euros), karate e deportes asociados (72.058 euros), kickboxing (22.292 euros), kung-fu (34.838 euros), loita e deportes asociados (114.877 euros), montañismo (30.037 euros), motociclismo (61.293 euros), motonáutica (31.110 euros), natación (182.278 euros), orientación (23.552 euros), pádel (41.605 euros), patinaxe (62.023 euros), pelota (11.993 euros), pesca e casting (16.680 euros), petanca (12.933 euros), piragüismo (530.372 euros), remo (114.813 euros), rugby (49.387 euros), salvamento e socorrismo (22.305 euros), squash (71.447 euros), surf (68.433 euros), taekwondo (128.175 euros), tenis (112.244 euros), tenis de mesa (41.208 euros), tiro ao voo (6.588 euros), tiro con arco (53.455 euros), tiro olímpico (45.168 euros), triatlón e péntatlon moderno (179.799 euros), vela (296.520 euros), voleibol (88.975 euros), xadrez (59.073 euros) e ximnasia (89.751 euros).

Cómpre salientar que os convenios das 59 federacións deportivas galegas aprobados hoxe polo Consello da Xunta suman un total de 4.715.682 euros, aos que se lle sumarán os 375.000 euros relativos aos proxectos de especial relevancia (PER) de cada federación –campionatos e eventos deportivos de relevancia autonómica, estatal e internacional, que se celebrarán na nosa comunidade e que contribuirán a situar a Galicia como referencia no ámbito deportivo e competitivo–. Este complemento chegará no primeiro trimestre de 2023, unha vez estean determinados por cada federación, e acadará a cifra global de 5.090.682 euros nos convenios ás federacións.

No vindeiro 2023, a Secretaría Xeral para o Deporte ten proxectado un orzamento inicial de 44.071.363 euros, un orzamento que se incrementa un 36 % con respecto a 2022 (32.489.463 euros) e supón o maior orzamento da historia do deporte galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 6 M€ Á SEGURIDADE NOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS PARA O PERÍODO 2022-2025 A TRAVÉS DUN CONVENIO CO MINISTERIO DO INTERIOR

- O Consello do Goberno galego aprobou o proxecto de acordo polo que se prorroga e actualiza a colaboración
- Máis de 200 efectivos de Garda Civil e Policía Nacional prestarán o servizo de vixilancia e protección en 56 sedes xudiciais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se prorroga e actualiza o convenio asinado co Ministerio do Interior en materia de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia. Así, ao abeiro desta iniciativa, o Goberno galego destinará no período 2022-2025 seis millóns de euros, en anualidades de 1,5 M€, para que efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado realicen labores de vixilancia e protección nas instalacións xudiciais.

Esta prestación do servizo de vixilancia será desenvolvido por un máximo de 206 efectivos, 81 da Policía Nacional e 125 da Garda Civil, destinados en 56 edificios xudiciais repartidos en 45 localidades. Trátase de persoal da Garda Civil en situación de reserva e da Policía Nacional en activo cun mínimo de 25 anos de servizo que realizarán o labor de xeito voluntario.

Desde a primeira sinatura en 2006 ata o pasado ano, a Xunta investiu na prestación do servizo de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia preto de 22 millóns de euros no marco do acordo co Ministerio do Interior. Cómpre sinalar que o número de efectivos dedicados a este labor medrou desde os 52 do primeiro ano de colaboración ata os 206 establecidos xa en 2018.

Segundo establece o documento aprobado hoxe, o convenio terá unha vixencia de catro anos prorrogables por outros catro por acordo expreso das partes. Cada ano tramitaranse as addendas económicas precisas para a actualización da prestación do servizo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA AECID E A COOPERACIÓN DESCENTRALIZADA PARA A ACTUACIÓN CONXUNTA E COORDINADA EN MATERIA DE ACCIÓN HUMANITARIA

- O Goberno galego achegará 400.000 euros ata 2026 ao fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento cunha contía anual de 100.000 euros
- Con este apoio dáse continuidade á colaboración establecida no 2018 entre a AECID e a cooperación descentralizada para a execución de actuacións e proxectos en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) dirixido á execución da actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria no período 2023-2026. O Goberno galego destinará 400.000 euros –100.000 euros por ano– para dar continuidade á colaboración establecida entre a AECID e a cooperación descentralizada en 2018 e que se prorrogou varias veces ata a actual, vixente ata o mes pasado.

No novo convenio da AECID participan, ademais de Galicia, as comunidades de Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Comunidade Valenciana, Canarias, Baleares, Comunidade de Madrid, Castela e León, Extremadura, Andalucía e Castela-A Mancha. Tamén forma parte do acordo a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). Ao abeiro deste convenio, a AECID achegará 1,5 millóns de euros e o resto de autonomías deberá aboar 75.000 euros anuais como mínimo.

O acordo permitirá a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, regulando a colaboración das partes en materia de acción humanitaria.

As intervencións centraranse nos sectores de protección, seguridade alimentaria e nutrición, saneamento e hixiene, ou saúde e educación en emerxencias. Deste xeito, realizaranse actuacións no ámbito da preparación ante desastres, emerxencias súbitas, crises complexas e de protección de persoas en situación de especial vulnerabilidade.

Neste caso, as accións cofinanciadas no marco do convenio deberán focalizarse na promoción das responsabilidades do I Cumio Mundial Humanitaria para, entre outras cousas, promover o empoderamento e o liderado das mulleres, desenvolver as capacidades locais e nacionais para responder as crises, así como o financiamento

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

directo a actores locais e nacionais para a xestión de desastres e riscos, sobre todo aos grupos de mulleres.

No ano 2015 xa se asinara por parte de Galicia, A Rioxa, Castela-A Mancha, Illas Baleares, Estremadura e Madrid, o primeiro convenio para a programación conxunta da acción humanitaria, ao que se lle deu continuidade en 2018 cun novo acordo para a coordinación da acción humanitaria entre Galicia, Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Comunidade Valenciana, Aragón, Canarias, Baleares, Comunidade de Madrid, Castela León e a FEMP, ao que se adheriu posteriormente a Comunidade Autónoma de Estremadura. O devandito convenio prorrogouse este ano, ao igual que sucedera en 2019, 2020 e 2021 ata a entrada en vigor do novo aprobado hoxe.

A Xunta mantén o compromiso co sector galego de cooperación ao desenvolvemento como se demostra co incremento en máis dun millón –un 14% máis– no orzamento do Plan anual da cooperación galega de 2023 ata acadar os 9 millóns de euros. Ademais, o Goberno galego está a traballar tamén no deseño do V Plan director da cooperación galega que definirá as actuacións e fondos neste eido ata 2026, que ao igual que o actual vixente, establece a participación activa nos espazos e iniciativas da Cooperación Española con medidas como o fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECID) ao abeiro deste acordo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO PARA A REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DA PONTE INTERNACIONAL SOBRE O RÍO MIÑO, ENTRE SALVATERRA DE MIÑO E MONÇÃO

- O convenio de colaboración inclúe a rehabilitación estrutural da ponte e a implantación dun carril bici, sumando un orzamento total de máis de 757.000 € que a Xunta e o Goberno luso financian ao 50 %
- En canto á tramitación, primeiro debe asinarse un acordo entre os gobernos español e portugués, que habilite a Xunta a financiar a súa parte, e posteriormente asinarse o convenio hoxe autorizado entre a Xunta e o Ministerio de Transportes español
- A rehabilitación estrutural da ponte, consensuada entre os técnicos da Xunta e do Goberno luso, comezou en agosto de 2021 e rematou a principios deste mesmo ano
- Os traballos incluíron a reparación das superficies da ponte; o selado de gretas; a protección con pintura nas zonas mergulladas; ou a monitorización da estrutura
- Tamén se acometerá a habilitación dun carril bici e a ampliación da senda peonil, cuxo proxecto licitará proximamente o Goberno luso

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a rehabilitación e a ampliación da ponte internacional sobre o río Miño entre Salvaterra de Miño e Monção.

O investimento total da actuación ascende a máis de 757.000 euros, e abranguerá a rehabilitación estrutural da ponte e a redacción do proxecto da implantación dun carril bici. A Xunta e o Goberno luso financian ambas as actuacións ao 50 %, polo que o Goberno galego achega máis de 378.000 euros.

Ao tratarse dun convenio internacional, a tramitación materialízase coa sinatura de dous acordos: un primeiro entre os Estados español e portugués, que habilita a Xunta a aboar a súa parte do custo das actuacións; e outro entre a Xunta e o Goberno de España, a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, polo que o Executivo autonómico se compromete á súa parte do financiamento das actuacións. Este último é o convenio cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta.

O convenio autorizado hoxe debe ser asinado con posterioridade á sinatura do convenio entre os gobernos español e portugués. Prevese que esta sinatura se poida materializar nos vindeiros días.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións

En canto ás obras previstas no convenio, a rehabilitación estrutural da ponte, consensuada entre os técnicos da Xunta e do Goberno luso, comezou en agosto de 2021 e rematou a principios deste ano 2022.

Esta intervención consistiu na reparación das superficies expostas dos fustes de alicerces, travesas e linteles; no selado de gretas; ou no encapsulado dos alicerces e o lintel na parte mergullada, utilizando manguitos de fibra de vidro.

Tamén se acometeron accións de protección con pintura das superficies nas zonas mergulladas; a reparación de superficies danadas; ou a monitorización da estrutura.

Ademais da reparación da ponte, tamén se acometerán a instalación dun carril bici e a ampliación da senda peonil, para o que o Goberno luso licitará proximamente o proxecto.

Ponte coas pilas rehabilitadas:




COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Proposta de implantación de carril bici:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE COIRÓS PARA DOTAR DE SANEAMENTO MUNICIPAL O NÚCLEO DA ANTA CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 330.000 EUROS

- Executarase unha rede de colectores que recollan as augas fecais e unha estación de tratamento de augas residuais que tratará as verteduras deste núcleo de poboación
- A Xunta achegará o 60 % do orzamento, algo máis de 196.000 euros, e executará as obras, mentres que o Concello contribuirá co 40 %, achegando case 131.000 €
- Unha vez se conte coa documentación municipal preceptiva, Augas de Galicia licitará as obras, en xaneiro, co obxectivo de comezalas no último trimestre de 2023
- Os traballos teñen un prazo de execución de tres meses e serán financiados con fondos europeos do programa Feder 2014-2020, como parte da resposta á pandemia
- A intervención dará servizo a unha poboación total futura de 50 habitantes
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración para continuar mellorando a calidade da auga e da vida da poboación do medio rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Coirós para dotar do servizo de saneamento municipal ao núcleo da Anta, que suporá un investimento de preto de 330.000 euros.

A través desta cooperación impúlsase a execución dunha rede de colectores que recollan as augas fecais e unha planta de tratamento de augas residuais que permita tratar as verteduras mencionadas ao núcleo da Anta.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 60 %, achegando algo máis de 196.000 euros. O Concello de Coirós contribuirá ao financiamento do 40 % restante, destinando case 131.000 euros.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, e tras a sinatura do convenio, procederase á consecución da documentación municipal preceptiva: a posta á disposición de terreos, aprobación municipal do proxecto e trámite de información pública.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras isto, a Xunta licitará as obras, previsiblemente no mes de xaneiro, para iniciar a súa execución no último trimestre do ano. Os traballos teñen un prazo de execución de 3 meses.

Esta intervención financiarase pola Unión Europea, no marco do eixe React-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

Actuacións que se executarán

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, desde a entidade hidráulica da Xunta executaranse as obras necesarias no núcleo de poboación da Anta, que carece actualmente dun sistema de saneamento e depuración das súas augas residuais, e só conta neste momento con fosas individuais para satisfacer esta necesidade.

Coa intervención preténdese dotar dunha rede de colectores que recollan as augas fecais e unha depuradora de augas residuais que permita tratar as verteduras mencionadas ao núcleo da Anta.

Para iso executarase unha rede de saneamento de preto de 1 quilómetro de lonxitude con 15 pozos de rexistro e sistema de depuración por leito bacteriano, arqueta de inspección e pozo filtrante. O pozo contará cun diámetro exterior de 2,75 metros e interior de 2,5 metros, unha altura total de 1,78 metros, o volume de grava será de 10,7 m³ e a superficie filtrante exterior de 28,8 m².

A intervención proxectada por Augas de Galicia dará servizo a unha poboación de 50 habitantes para o ano horizonte 2044.

Esta nova colaboración da Xunta, súmase ás obras recollidas nun acordo anterior entre a Augas de Galicia e a entidade local, para sanear os núcleos de Agra-Figueiras, en Santa Mariña de Lesa, e de Colantres e Queirís, na parroquia de San Salvador de Colantres, conectando estas novas redes de saneamento coas xa existentes.


Esta actuación, recentemente iniciada, conta cun investimento de preto de 810.000 euros e cun prazo de execución de 8 meses.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos municipais de saneamento, depuración e abastecemento e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planos da localización e esquema da actuación previstas extraída do proxecto construtivo:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BRIÓN PARA ACONDICIONAR UN TREITO DA ESTRADA AC-543

- A intervención suporá un investimento de máis de 605.000 € e financiarase nun 70 % pola Xunta, que achegará preto de 424.000 €
- O obxectivo do convenio, cuxas obras executará o Concello, é acondicionar a estrada AC-543 desde o punto quilométrico 8+390 ao 9+870
- Ampliaranse e renovaranse as beirarrúas e reporase a capa de rodaxe nos dous carrís, beiravías e bandas de estacionamento, con mestura bituminosa en quente
- Renovarase a sinalización horizontal, reporanse as liñas existentes e procederase ao pintado de paso de peóns, símbolos e frechas
- Tamén se procederá ao cambio de titularidade a prol do Concello de Brión do tramo desta vía autonómica comprendido entre os quilómetros 8+390 e 10+000
- A Xunta continúa traballando na mellora das estradas autonómicas para reforzar a seguridade viaria e proporcionarlles aos cidadáns unhas vías eficientes

O Consello da Xunta autoriza a colaboración co Concello de Brión para o acondicionamento dun treito da estrada AC-543.

Esta intervención suporá un investimento de máis de 605.000 euros, que será financiado nun 70 % pola Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, cunha achega que rolda os 424.000 euros, que completará o Concello ata acadar o 30 % restante.

O obxectivo do convenio de colaboración, cuxas obras executará o Concello, é acondicionar a estrada AC-543, desde o punto quilométrico 8+390 ao 9+870.

Tamén é obxecto deste acordo o cambio de titularidade a prol do Concello de Brión do tramo desta vía autonómica comprendido entre os puntos quilométricos 8+390 e 10+000.

As actuacións que se prevén realizar neste treito da estrada son a ampliación e a renovación das beirarrúas e o fresado e reposición da capa de rodaxe nos dous carrís, beiravías e bandas de estacionamento, con mestura bituminosa en quente.

Tamén se levará a cabo a renovación da sinalización horizontal, a reposición das liñas existentes e o pintado de paso de peóns, símbolos e frechas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, procederase á reposición dos servizos afectados, como o alumeado público, o saneamento e as canalizacións de pluviais.

A Xunta continúa traballando na mellora das estradas autonómicas co fin de reforzar a seguridade viaria e proporcionarlles aos cidadáns unhas vías eficientes e cómodas.

Imaxe co ámbito da actuación recollida no convenio autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA LEI DE ORDENACIÓN DO LITORAL QUE CONVERTERÁ A GALICIA NA PRIMEIRA COMUNIDADE EN REGULAR A FRANXA COSTEIRA EN TODA A SÚA EXTENSIÓN

- Subliña que a Administración autonómica quere unha ordenación “realista, razoable, eficaz” e adaptada “á realidade galega”
- Lamenta a “deriva” das normativas estatais nesta materia que “xeran inseguridade xurídica e poñen en risco actividades claves para Galicia”
- A futura norma terá un ámbito de aplicación ambicioso, que abranguerá o litoral no seu sentido máis amplo, incluída tanto a zona terrestre e intermareal como a mariña
- A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda resalta que a futura lei terá en conta “o modelo produtivo e o modo de vida” de Galicia
- O anteproxecto legislativo identifica tres áreas diferenciadas na costa en función do seu estado de conservación para fixar obxectivos e usos específicos en cada unha
- Por primeira vez, identifícanse os usos e actividades que son estratéxicos na costa para permitir que se poidan levar a cabo de forma sustentable e con seguridade xurídica
- Recolle, de forma clara e expresa, que a xestión das autorizacións e concesións para ocupar o litoral corresponderá á Xunta no momento en que o Estado faga efectivo o traspaso á Comunidade dos medios necesarios para poder exercer esta competencia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou iniciar a tramitación da nova Lei de ordenación do litoral de Galicia (Lolga) coa que busca garantir o autogoberno pleno sobre a franxa costeira. “Galicia vaise converter na primeira comunidade en regular o litoral en toda a súa extensión”, resaltou.

Rueda destacou que a Xunta quere unha ordenación do litoral “realista, razoable, eficaz e plenamente adaptada á realidade galega”. Neste sentido, lamentou “a deriva” das normativas aprobadas nos últimos anos polo Goberno central que “xeran inseguridade xurídica e poñen en risco actividades económicas claves para Galicia” e asegurou que o obxectivo da futura Lei de ordenación do litoral non é outro que “manter o equilibrio entre a necesaria preservación das paisaxes e actuacións e proxectos fundamentais para Galicia”.

Para iso, segundo explicou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, a futura normativa -que se prevé aprobar ao longo de 2023- vai adaptarse á realidade galega, “atendendo o seu modelo produtivo, as súas necesidades e un modo de vida” historicamente ligado ao mar que nada teñen que ver cos doutras comunidades costeiras e que, polo tanto, requiren de criterios e regulacións específicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Vázquez lembrou que para a elaboración do anteproxecto da lei se convocou aos 82 alcaldes dos concellos que conforman o litoral galego así como a axentes da cadea mar-industria a reunións específicas para abordar o contido da futura norma. "Das 81 achegas, 79 ían na liña de que precisabamos unha ordenación do litoral", resaltou a conselleira, quen fixo fincapé en que "Galicia quere e pode xestionar o seu litoral" e que o obxectivo da Xunta é que esta normativa "sexa moi participativa e transparente" ao recoller achegas de todos os sectores implicados.

Para cumprir co seu obxectivo de ordenar o litoral no seu sentido máis amplo, a futura Lolga aborda desde un enfoque integrado diferentes cuestións que, parcial ou totalmente, non están recollidas na lexislación autonómica actual.

Deste xeito, búscase regular unha xestión das actividades humanas no litoral que garanta o aproveitamento sustentable dos seus recursos e manteña en bo estado os seus ecosistemas desde unha perspectiva ambiental, social e económica que teña en conta os distintos usos existentes nesta franxa, os riscos e ameazas que afectan os ecosistemas mariños, e as diferentes administracións públicas que hai implicadas na súa xestión.

Neste sentido e tendo en conta que tamén no litoral galego conflúen espazos moi diferentes, como praias, zonas naturais protexidas ou solos urbanizados que requiren dun réxime xurídico específico con regras ou limitacións que se poidan cumprir na práctica, a Lolga identifica tres áreas diferentes na costa segundo a seu estado de conservación, fixando para cada unha delas unha serie de obxectivos e usos diferentes.

Así, a área de protección ambiental (APA) correspóndese cunha extensa zona que conserva características naturais e valores singulares e irremprazables que deben protexerse e preservarse especialmente de calquera proceso que os poida alterar. A esta área pertencen os espazos naturais protexidos e os espazos mariños do litoral, ademais daqueles bens do dominio público marítimo-terrestre (DPMT) que conforman a ribeira do mar e das rías polo que a prioridade será preservar a paisaxe e os ecosistemas, poñer en valor os elementos patrimoniais existentes, promover a súa adaptación ao cambio climático e preservalos de posibles desenvolvementos urbanísticos.

A chamada área de mellora ambiental e paisaxística (AMA) refírese a zonas que sen chegar a reunir as condicións antes sinaladas, conservan valores naturais e se manteñen maioritariamente nun bo estado de conservación polo que requiren accións de protección, recuperación e renaturalización. Nesta área estarían, por exemplo, os terreos de solo rústico de protección de costas comprendidos na zona de servidume e na zona periférica de protección dos espazos naturais protexidos ou o resto do solo rústico, con edificacións vinculadas a usos e explotacións de carácter tradicional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao terceiro dos espazos sinalados, a área de reordenación (ARA), abrangue aqueles espazos litorais urbanizados e que se viron transformados pola acción humana en que a prioridade será a súa humanización e renovación a través, por exemplo, de intervencións ordenadas que incidan na mellora dos espazos públicos, das zonas verdes e dos equipamentos dotacionais, da rehabilitación de edificios en desuso, ou doutro tipo de accións que dinamicen económica e socialmente o litoral. Nesta área estarían os terreos de dominio público portuario e a zona de servidume de protección de 20 metros.

Concreción de usos por zonas e actuacións estratéxicas

Con respecto aos usos e ás posibilidades de asentamento permitidos no litoral, o texto regula especificamente cando e para que está xustificada a ocupación do DPMT e tamén as obras, actividades e instalacións que poden levarse a cabo nos terreos comprendidos en zona de servidume de protección de costas.

No caso do dominio público e partindo de que segundo a Lei de costas estatal só poderá ocuparse para usos e instalacións que pola súa propia natureza non poidan ter outra localización, a Xunta concreta no anteproxecto da Lolga, por primeira vez e no exercicio das súas competencias, cales son esas actividades permitidas. En todo caso, a ocupación deberá ser a mínima posible e deberá quedar garantida a protección do DPMT.

Así quedan recoñecidas como actividades permisibles os establecementos da cadea mar-industria; as actividades que presten servizos vinculados á interacción porto-cidade; as dotacións públicas esenciais para o abastecemento e o saneamento e depuración das augas residuais; as infraestruturas enerxéticas de electricidade e gas que subministren ás actividades situadas no DPMT; as instalacións de xeración eléctrica que teñan que ocupar o mar e as súas instalacións complementarias; as actividades e instalacións de servizo público que, pola configuración física do tramo de costa en que resulte necesario o seu emprazamento, non poidan situarse nos terreos lindeiros.

En canto á zona de servidume de costas, tamén se concretan as obras permitidas nestes terreos por non poder ter outra localización ou porque prestan servizos necesarios ao dominio público. Este recoñecemento por lei resultará clave para resolver situacións do litoral galego que pola interpretación uniforme do Estado levan anos enquistadas.

En todo caso e tendo en conta que case todos estes usos xa viñan sendo recoñecidos na práctica, a principal novidade radica na inclusión daquelas obras, instalacións e actividades necesarias para executar actuacións consideradas estratéxicas para o litoral. O obxectivo é identificar usos particulares que poñen en valor e mesmo significan unha fonte de riqueza e cohesión social para a costa galega. Por iso, a Lolga dálles esta consideración e establece unha serie de medidas legais para que poidan desenvolverse de forma sustentable, respectuosa coa contorna e con seguridade xurídica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, serán estratéxicos os establecementos da cadea mar-industria; os usos ligados á interacción entre portos e cidades pola súa función integradora; a creación de sendas litorais; establecementos de turismo litoral situados en inmobles preexistentes de valor histórico ou arquitectónico; as intervencións para a posta en valor do patrimonio cultural litoral; proxectos para a sustentabilidade económica e social do sector marítimo-pesqueiro; ou as dotacións públicas esenciais para saneamento de augas.

Demanda de plenas competencias

A elaboración da Lolga tamén se enmarca na demanda trasladada pola Xunta en reiteradas ocasións e por diversas vías para que Galicia asuma, canto antes e como xa fixeron outras comunidades, as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o seu Estatuto de autonomía sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre.

O presidente lembrou que pese a que a Xunta conta cun informe do Consello Consultivo que avaliou a capacidade do Goberno autonómico para asumir a regulación do seu litoral -documento que foi trasladado o Executivo central- "aínda non temos ningunha resposta sobre esta cuestión".

Neste sentido, cómpre subliñar que a concesión dos títulos de ocupación e uso do dominio público é unha das funcións executivas que ten legalmente atribuída Galicia. Por iso, a Lolga sinala, de forma clara e expresa, que o outorgamento das autorizacións e concesións no DPMT corresponderá á consellería competente en materia de ordenación do litoral no momento en que o Estado faga efectivo o traspaso a Galicia dos medios persoais e materiais necesarios para poder exercer esta competencia.

Así o anteproxecto da Xunta adiantase a este fito ao regular un procedemento simplificado en que se integrarán todos os títulos necesarios para levar a cabo unha actividade sobre o dominio público co fin de facilitar a súa tramitación. Esta regulación, en todo caso, entrará en vigor cando se materialice efectivamente o referido traspaso de medios á Comunidade.

A visión autonómica desde a que se aborda a futura lei no seu conxunto tradúcese tamén na regulación dun sistema de planificación coherente e coordinado das actividades no litoral para conseguir un desenvolvemento sustentable. Así, entre outros instrumentos, a Lolga prevé elaborar unha estratexia de economía azul, a aprobación das directrices de ordenación do litoral como elemento básico para planificar a costa, e dous plans territoriais integrados: o de ordenación costeira e o de ordenación mariña.

En definitiva, o obxectivo é dotar a Galicia dunha norma propia ambiciosa e adaptada á realidade autonómica para resolver os problemas e a inseguridade xurídica xerados polas decisións e reformas normativas impulsadas desde 2018 polo Estado, cunha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

interpretación cada vez máis restritiva da xestión da franxa litoral e das políticas autonómicas e que avoga por impoñer criterios unificadores na ordenación da costa.

Tras o acordo de inicio da tramitación aprobado hoxe pola Xunta, o anteproxecto da Lolga someterase a información pública e consultas durante o prazo dun mes. Unha vez recompilados todas as achegas, alegacións e os informes sectoriais requiridos, o texto volverá a elevarse ante o Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto de lei, previsiblemente, no primeiro trimestre do vindeiro ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 1,1 M€ ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROMOVER A INSERCIÓN LABORAL E SOCIAL DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe dúas liñas de apoio diferenciadas que forman parte do orzamento global que o vindeiro ano destinarase á loita contra a violencia de xénero e que crece nun 14,71 %, ata chegar aos 20,5 millóns
- Financiarase, dun lado, con 680.000 euros os programas das asociacións encamiñados a favorecer a integración laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, xa que o emprego é o primeiro paso para acadar a independencia con respecto do agresor
- Doutra banda, aprobouse hoxe con 450.000 euros a orde dirixida a financiar proxectos para a recuperación e integración sociolaboral de vítimas de trata e explotación sexual

A Xunta destinará en 2023 máis de 1,1 millóns de euros a apoiar ás entidades sen ánimo de lucro para promover a inserción social e laboral das vítimas de violencia de xénero. O Consello da Xunta autorizou hoxe as convocatorias para 2023 de dúas liñas de axudas.

Dunha banda, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade investirá 680.000 euros para apoiar a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero. En concreto, financiaranse os programas deseñados por entidades sen ánimo de lucro encamiñados a favorecer a integración laboral destas mulleres, xa que un emprego é o primeiro paso para acadar a independencia con respecto do agresor.

Os apoios, que inclúen unha contía máxima de 80.000 euros por entidade (de media en cada edición deste programa soen ser beneficiarias unhas dez entidades), van dirixidos á posta en marcha por parte dos colectivos que resulten beneficiarios das axudas de itinerarios de inserción que inclúan un plan de acción personalizado para a busca de emprego, orientación profesional e asesoramento laboral, así como un acompañamento na busca activa de traballo e outras accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral das participantes. Tamén se financian iniciativas de formación para o emprego co fin de formar e capacitar as mulleres para o seu acceso ao mercado de traballo, así como actuacións de apoio á conciliación dirixidas a facilitar a participación das mulleres nas accións establecidas no seu itinerario de inserción sociolaboral e na formación para o emprego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta, ademais, inclúe neste programa de axudas bolsas específicas para compensar determinados gastos en que se poidan incurrir por participar no programa e que incentive a súa participación.

A orde de axudas establece a obriga de acadar un mínimo do 10 % de inserción laboral das participantes na iniciativa. Desde 2016 participaron neste programa un total de 2.090 mulleres. Esta medida que impulsa a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade enmárcase nas accións incluídas por Galicia no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Trata e explotación sexual

O Consello da Xunta, doutra banda, acordou tamén hoxe abrir unha nova convocatoria de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para levar a cabo proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

A orde de apoios contará para 2023 cun orzamento de 450.000 euros, cofinanciados con cargo ao Fondo Social Europeo, o que permitirá chegar a atender as necesidades dunhas 700 persoas. As axudas terán como destinatarias as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro inscritas na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e con domicilio social en Galicia. O importe máximo dos apoios ascenderá a 70.000 euros, e recibirán maior puntuación as entidades que ofrezcan acollemento residencial temporal para dar unha saída ás mulleres vítimas.

Entre as actuacións que financiará a Xunta, inclúense a atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades xudiciais, fiscais e policiais con vítimas da trata; asesoramento social e actuacións de apoio directo nas relacións con entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos; atención psicolóxica, para abordar posibles trastornos emocionais e/ou conductuais na procura da súa recuperación persoal; así como orientación e asesoramento xurídico e laboral.

O Goberno galego apoiará tamén os programas de atención en traballo de rúa, co obxectivo de chegar aos lugares onde se poden atopar persoas vítimas de trata de seres humanos para ofrecerlles información sobre os recursos cos que contan.

Desde 2016, ano en que se realizou a primeira convocatoria, concedéronse en Galicia axudas por valor de máis de 3,2 millóns de euros ás entidades, o que permitiu atender nestes sete últimos anos máis de 3.600 vítimas a través dos seus programas.

Estas axudas enmárcanse no conxunto de actuacións que a Xunta mantén desde hai anos para garantir a protección das vítimas a través de protocolos de detección destes casos e a derivación das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sexual a profesionais de distintos ámbitos que lles axuden a acceder a recursos de asistencia especializados.

Galicia reconece a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como violencia de xénero, polo que poden acceder así á axuda económica mensual para as vítimas da violencia de xénero e aos os recursos de apoio xurídico, psicolóxico, social e de apoio á inserción laboral, entre outros. Como novidade, a partir de 2023, incluírase tamén como vítimas de violencia de xénero as de explotación sexual, polo que tamén poderán acceder a todos estes recursos.

I Plan contra a trata

A Xunta, ademais, aprobou este ano, con sete millóns de euros, o primeiro Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.

A loita contra a violencia de xénero é unha prioridade para o Goberno galego e, por iso, para o vindeiro ano destinará a este eido 20,5 millóns de euros, un 14,71 % máis que o ano anterior, para non só manter os recursos, servizos e prestacións que xa hai ao dispor das vítimas, senón tamén para reforzalos e amplialos. As dúas liñas de axudas que se aproban hoxe forman parte deste investimento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA INVESTIGO DA XUNTA CONTARÁ CON 9,1 M€ PARA IMPULSAR A CONTRATACIÓN DE MENORES DE 30 ANOS DESEMPREGADOS EN CENTROS CIENTÍFICOS E TECNOLÓXICOS

- As axudas para a contratación de persoas mozas desempregadas van dirixidas a organismos de investigación e difusión de coñecementos, universidades públicas, centros tecnolóxicos, parques científicos e entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, así como empresas que estean a investir en investigación e innovación
- Os contratos terán que contar cunha duración mínima de 12 meses a xornada completa
- A contía das axudas oscilarán entre os 22.405,92 e 33.108,84 euros por persoa, en función do grupo de cotización, financiándose os custos laborais e salariais, incluíndo os gastos de cotización por todos os conceptos á Seguridade Social
- A iniciativa enmárcase no Plan Emprega Xuventude para a xeración de emprego xuvenil en Galicia ao que a Xunta destinará en 2023 preto de 30 millóns para beneficiar máis de 2.000 mozas e mozos

A Xunta convocará en 2023 a segunda edición do programa Investigo para a xeración de emprego xuvenil en Galicia no eido da investigación, a tecnoloxía e a innovación. Para iso, destinará 9,1 millóns de euros que irán destinados a apoios para a contratación de persoas menores de 30 anos desempregadas en organismos de investigación e difusión de coñecementos, universidades públicas, centros tecnolóxicos, parques científicos e entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, así como en empresas que estean a investir en investigación e innovación.

As axudas destinadas a estes centros para a contratación por conta allea de mozas e mozos oscilarán entre os 22.405,92 e 33.108,84 euros por persoa, financiándose, en concreto, os custos laborais e salariais, incluíndo os gastos de cotización por todos os conceptos á Seguridade Social. Os contratos terán que contar cunha duración mínima de 12 meses a xornada completa para o desenvolvemento e execución de iniciativas de investigación e innovación. Priorizaranse as ocupacións referidas á economía circular e o emprego verde.

A previsión é que a través desta liña de axudas pódanse contratar un mínimo de 277 mozas e mozos e un máximo de 409, en función dos módulos salariais que se aplicarán. Con esta medida, a Xunta segue a propiciar a inserción laboral das persoas mozas, mellorando a súa cualificación e outorgándolles a posibilidade de desenvolverse profesionalmente en ocupacións con alta demanda como o emprego verde e a economía circular.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os programa Investigo forma parte dun plan máis amplo, o Emprega Xuventude, que a Xunta reeditará en 2023 con actuacións para o emprego dirixidas especificamente ás persoas máis novas e dotado con preto de 30 millóns de euros para beneficiar a uns 2.000 mozas e mozos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS EQUIPOS INDUSTRIAIS E INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN, ELECTRICIDADE E PROTECCIÓN CONTRAINCENDIOS DE VARIOS HOSPITAIS DE LUGO

- Por un importe de 2.851.126,50 € e un período de 3 anos, inclúe como novidade o mantemento das instalacións da protección contraincendios dos hospitais Lucus Augusti e de Calde

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a contratación do servizo de mantemento integral dos equipos industriais e instalacións de climatización, electricidade e protección contraincendios de varios hospitais da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Por un importe de 2.851.126,50 € e un período de 3 anos, o contrato inclúe o mantemento integral dos equipos industriais e instalacións de climatización e electricidade no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo. Tamén, como novidade, o contrato recolle o mantemento das instalacións contraincendios tanto do Hospital Lucus Augusti como do Hospital de Calde.

Esta licitación xorde da necesidade de manter en todo momento as edificacións, equipos e instalacións industriais das infraestruturas sanitarias en perfecto estado de funcionamento, a través de distintas actuacións periódicas.

Aforro enerxético e descarbonización do sistema sanitario

No marco das accións da sanidade galega para o aforro enerxético, destacar que o Hospital Universitario de Lugo conta cun plan de eficiencia que ten como obxectivo reducir a demanda enerxética mantendo as condicións de confort e a seguridade ambiental. Este plan pretende acadar para o total do ano 2022 unha redución do 7,5 % na demanda de enerxía eléctrica e dun 30 % na demanda de gas natural.

Ademais, o Sergas destaca pola súa implicación na carreira Race to Zero, de Nacións Unidas, para a descarbonización dos sistemas sanitarios, que é o único sistema sanitario de España que forma parte desta iniciativa. Esta campaña pretende diminuír as emisións de carbono das instalacións sanitarias un 60 % en 2030.

Precisamente, hai uns días en Glasgow, o Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, xunto con outros dous hospitais galegos, foi recoñecido polo o seu esforzo en prol dunha sanidade libre de carbono, que coída das persoas e do planeta.

O Hospital Universitario de Lugo está a desenvolver o proxecto europeo de descarbonización Low Carbon para a redución da pegada de carbono, que se encadra na

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Axenda 2030. A importancia deste proxecto radica en que será o que sente as bases e marque as actuacións para desenvolver e lograr a descarbonización, non só do hospital de Lugo, senón de toda a rede de centros sanitarios da Comunidade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A PRIMEIRA COMPRA CENTRALIZADA DE DISPOSITIVOS DE ASISTENCIA VENTRICULAR PARA AS ÁREAS SANITARIAS POR UN VALOR DE 4,2 MILLÓNS DE EUROS

- As áreas sanitarias con servizo de Cirurxía Cardíaca –Coruña e Cee, Vigo e Santiago de Compostela e Barbanza– son as destinatarias deste material
- Os dispositivos están deseñados como unha ponte ao corazón para pacientes que están pendentes dun transplante

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o expediente de contratación do acordo marco para o subministración de dispositivos de asistencia ventricular de longa duración para as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. A contratación, por un prazo de dous anos e prorrogable por outros dous, ten un valor estimado de 4.250.000 euros. Trátase da primeira compra centralizada destes dispositivos, consta dun único lote e os destinos son as áreas sanitarias da Coruña e Cee, Santiago de Compostela e Barbanza, e a Área Sanitaria de Vigo, que son as que dispoñen de servizos de Cirurxía Cardíaca.

Os dispositivos de asistencia ventricular de longa duración (DAVLD) están deseñados como unha ponte ao corazón para pacientes que están pendentes dun transplante; tamén, substitúen unha operación de transplante en pacientes con risco de mortalidade por insuficiencia cardíaca ventricular esquerda en etapa terminal. O material tamén está deseñado para a recuperación do tecido cardíaco e como terapia de destino en pacientes para os que non está previsto un transplante de corazón. Durante os últimos anos e da man da evolución tecnolóxica, produciuse un desenvolvemento moi importante deste material.

É a primeira vez que o contrato para a compra destes dispositivos se centraliza para as áreas sanitarias, co obxectivo de acadar unha estabilidade nos prezos, de garantir a subministración e de unificar as condicións de compra. A contratación aprobada hoxe permitirá, pois, a compra de dispositivos coas mellores cualidades técnicas e a maior funcionalidade e facilidade de uso tanto para os profesionais como para os doentes. O contrato complementa ademais as actuacións que a Xunta ten posto en marcha no eido da mellora continua da calidade asistencial e da sustentabilidade do sistema sanitario público galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ POR 13,4 MILLÓNS DE EUROS A CONTRATACIÓN DE OITO HELICÓPTEROS DESTINADOS Á LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS ATA O ANO 2026

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación de seis helicópteros de extinción –xunto con dúas brigadas helitransportadas– e dous helicópteros de coordinación–xunto cos seus técnicos analistas–
- No caso dos de extinción, a Consellería do Medio Rural amplía o tempo de contratación anual dos helicópteros de extinción, pasando de 3,5 a 5 meses ao ano dispoñibles
- Trátase de garantir o éxito das operacións de defensa contra os incendios forestais e dotar a Administración galega de medios aéreos que de forma rápida poidan acudir aos incendios e participar na súa extinción

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a que proceda á contratación de oito helicópteros de tipo lixeiro destinados á loita contra os incendios forestais ata o ano 2026, por un importe total de 13,4 millóns de euros. En concreto, contratarase o servizo de seis helicópteros de extinción con dúas brigadas helitransportadas e outros dous helicópteros de coordinación cos seus técnicos correspondentes.

Así, a presente licitación persegue unha loita contra os incendios forestais eficaz. Neste senso, tendo en conta o número medio de lumes e a súa simultaneidade, cómpre dispoñer de medios aéreos que poidan chegar a calquera punto da xeografía galega e na maior brevidade posible.

Desta forma, a Consellería do Medio Rural amplía o tempo de contratación anual dos helicópteros de extinción, pasando de 3,5 a 5 meses ao ano dispoñibles. Xunto co servizo destas aeronaves, tamén se contratan dúas brigadas helitransportadas compostas por un total de 12 persoas entre técnicos de brigada, peóns condutores, peóns e emisoristas. Neste senso, cabe aclarar que a Xunta dispón dunha brigada helitransportada propia para este tipo de helicópteros e prevese a creación doutras tres brigadas propias máis.

En canto aos dous helicópteros de coordinación, o servizo tamén inclúe ata oito profesionais entre técnicos coordinadores e técnicos analistas de imaxes e vídeos. Estas dúas aeronaves empregaranse nas tarefas de vixilancia e coordinación dos medios aéreos durante os labores de extinción dos lumes que se producen na nosa comunidade.

Desta forma, o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta disporá para a vindeira tempada de alto risco de incendios dun total de 18 medios aéreos, entre helicópteros de extinción e coordinación e avións de carga en terra. A

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estes súmanse os cedidos polo Goberno central ata completar unha trintena de aeronaves, ao igual que na época de alto risco deste ano.

Parque móbil da Consellería

Cabe lembrar que esta contratación súmase á realizada a pasada semana, de cara á subministración e entrega de case unha trintena de vehículos para poñer á disposición do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, dependente da Dirección Xeral de Defensa do Monte, e coa posibilidade de adquirir ata cinco vehículos máis en 2023.

Cun investimento total de 8,36 millóns de euros, prevese en concreto comprar 15 motobombas por un importe de 4,2 millóns de euros e outros 12 batracios, que consisten nun tractor con cisterna, trituradora multifunción e polidozer, por importe de 4,16 millóns de euros. Precisamente, estes novos batracios empregaranse no mantemento de puntos de auga e apoio nas queimas prescritas que se levan a cabo no dispositivo de prevención contra incendios forestais. Ademais, poderanse empregar, en caso necesario, para tarefas de extinción de lumes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS CRIADORES DE RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS GALEGAS BENEFICIARANSE DE CASE 3 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS DA XUNTA ATA 2025 PARA CONSERVALAS E RECUPERALAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de seis convenios con outras tantas entidades e asociacións de criadores para apoiar as actividades que realizan estes colectivos a prol da súa recuperación, conservación e fomento

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun total de seis convenios entre a Consellería do Medio Rural e outras tantas entidades e asociacións de criadores de razas autóctonas gandeiras de Galicia por importe global de 2.994.000 euros ata o 2025. O obxecto destes acordos é apoiar as actividades que realizan estes colectivos a prol da recuperación, conservación e fomento das razas.

En concreto, autorízase a Consellería do Medio Rural a asinar un convenio co Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde), cunha achega por parte do Goberno galego de 220.000 euros, para continuar coa execución de actividades de conservación dos recursos zoonéticos autóctonos das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta.

O segundo acordo establecerase coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga), cunha dotación de máis de 1,2 millóns de euros, para a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zoonéticos das razas e dos seus produtos derivados, fomentando o seu uso comercial como elemento clave para a súa conservación. Neste caso as razas amparadas son as bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción (limiá, cachena, vianesa, caldelá e frieiresa), así como a Ovella Galega, a Cabra Galega e a Galiña de Mos.

Un terceiro convenio asinarase coa Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruqa) para impulsar o programa de consolidación e diversificación desta raza, cunha achega da Consellería de 600.000 euros. Outro acordo subscribirase coa Asociación de Criadores de Raza Porco Celta (Asoporcel) por importe de 513.000 euros, para financiar actividades de recuperación, conservación e fomento desta raza porcina.

Por último, en relación co cabalo de pura raza galego, asinaranse dous convenios. Un deles coa asociación de criadores, por valor de 243.000 euros e outro coa Asociación Pura Raza Cabalo Galego, por importe doutros 174.000 euros. No primeiro caso, a finalidade do convenio é a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zoonéticos da raza. No segundo, financiaranse actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes da raza en actividades deportivas, de exposición e de lecer.

Riqueza xenética

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con todos estes conveniosponse de manifesto que a Xunta valora estas razas por representar unha riqueza xenética, un patrimonio inmaterial e unha oportunidade para as novas ganderías extensivas e de produción ecolóxica, ao seren razas cunha enorme adaptación ás condicións climáticas de Galicia. Todos estes convenios están cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Como complemento a estas actuacións, a Xunta habilita cada ano, dentro das achegas da PAC, axudas para os titulares das explotacións que traballan coas razas autóctonas en perigo de extinción e que supuxeron un esforzo orzamentario de 1,2 millóns de euros no ano 2022.

Ademais, achéganse desde Medio Rural fondos para o fomento das razas, máis especificamente para a creación ou mantemento de libros xenealóxicos ou do programa de mellora oficialmente recoñecido de cada raza. Son 220.000 euros anuais destinados ás organizacións ou asociacións de criadores recoñecidas pola Comunidade Autónoma.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 6,4 MILLÓNS DE EUROS NO 2023 PARA AS CAMPAÑAS DE SANEAMENTO GANDEIRO E OUTROS CONTROIS SANITARIOS NAS EXPLOTACIÓNS

- A Consellería do Medio Rural manterá os programas de vixilancia de enfermidades animais para asegurar o alto estado sanitario das explotacións gandeiras galegas
- Estes fondos destinaranse ao desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se realizan baleiros sanitarios por confirmarse a existencia de animais enfermos, así como dos vehículos de transporte das reses
- Ademais, inclúense outras actuacións complementarias, como o servizo da Oficina Agraria Móbil e os labores de apoio aos servizos veterinarios oficiais que sexan necesarios no caso de alertas sanitarias ou en materia de produción e benestar animal
- O esforzo continuado dos gandeiros galegos e as medidas desenvolvidas pola Xunta fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel, sendo Galicia rexión libre de tuberculose bovina e de brucelose bovina, ovina e cabrúa

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar preto de 6,4 millóns de euros ao longo do ano 2023 ás campañas de saneamento gandeiro e demais medidas sanitarias que benefician este sector e que desenvolve a Consellería do Medio Rural, co obxectivo de manter a boa cualificación sanitaria das explotacións gandeiras da nosa comunidade.

Estes fondos destinaranse a sufragar o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se realicen baleiros sanitarios por confirmarse a existencia de animais enfermos, así como dos vehículos de transporte das reses. Ademais, inclúense outras actuacións complementarias, como o servizo da Oficina Agraria Móbil e os labores de apoio aos servizos veterinarios oficiais que sexan necesarios no caso de alertas sanitarias ou en materia de produción e benestar animal.

O desenvolvemento destes programas nacionais ten como finalidade asegurar o mantemento do estado sanitario de Galicia, segundo o establecido na normativa estatal e comunitaria, para así poder levar a cabo unha comercialización sen trabas dos animais e dos produtos de orixe animal. Neste senso, os gandeiros e gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvolvidas pola Administración galega fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel, moi superior ao existente noutras rexións do Estado e mesmo noutros países europeos, que revaloriza os nosos animais e os produtos alimentarios galegos de orixe animal, á vez que ofrece garantías á poboación e aos consumidores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mostra deste esforzo é a declaración de Galicia como rexión libre de tuberculose bovina, un fito sanitario que se suma ao conseguido anteriormente coa declaración da nosa comunidade como rexión libre de brucelose ovina, cabrúa e bovina. Ademais, Galicia mantense libre de leucose enzoótica bovina, perineumonía bovina e lingua azul.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TEN MOBILIZADO A PRÁCTICA TOTALIDADE DOS FONDOS RECIBIDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA NO MARCO DO PRTR E PRETO DO 70% CORRESPONDEN A CONVOCATORIAS E LICITACIÓNS XA PUBLICADAS

- Os recursos MRR asignados polo Goberno central á Administración galega ascenden, a 30 de novembro, a 1.206 M€, dos que o Goberno galego ten ingresados 1.008 M€
- No que se refire aos Fondos estruturais, a Administración autonómica prevé que o total dos recursos serán executados en prazo, antes de finais do ano 2023

Os recursos MRR asignados polo Goberno central á Administración galega para o desenvolvemento de políticas públicas ascenden, a 30 de novembro, a 1.206 M€, dos que o Goberno galego ten ingresados 1.008 M€. Destes fondos, a Xunta ten mobilizado a práctica totalidade e preto do 70% son expedientes de gasto xa autorizados e con convocatorias e licitacións publicadas.

A maior parte do gasto autorizado concéntrase nas compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia relacionadas coa mobilidade sostible, as novas políticas públicas para o mercado de traballo, as enerxías renovables, a renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde, a implantación da Axenda Urbana, as competencias dixitais, a modernización e dixitalización do sistema educativo, así como a economía dos coidados e o reforzo da inclusión social.

Así se recolle nun informe sobre a execución dos Programas dos Fondos Estruturais 2014-2020 e dos proxectos financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia presentado hoxe ao Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Polo que respecta á política industrial, a súa xestión corresponde á Administración xeral do Estado, que a executa a través dos PERTES. Aínda que o Goberno central anunciou convocatorias por importe de máis de 33.000 M€, polo momento lanzou convocatorias con MRR por valor de 9.860 M€, resolvéndose na actualidade convocatorias por importe de 4.266 M€, o que supón soamente un 12,9% e das que só un 4,6% chegou a Galicia.

Fondos Estruturais

O Goberno galego leva executado máis do 93% dos 1.300 millóns de euros de fondos estruturais correspondentes ao período 2014-2020. Dos 915 M€ de FEDER xa están executados 830 millóns, o que supón un 90,6% do total. Da axuda do FSE están

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

executados 320M€, é dicir, o 99,5%. No que se refire ao programa de Emprego Xuvenil, están executados 59 millóns, o 95,5%.

En canto aos 440 millóns correspondentes ao REACT, 349 millóns son para executar actuacións dentro do Programa FEDER e 91 no do FSE. Neste marco, a Xunta ten executado e comprometido xa o 82,2%.

Con estes datos, a Administración autonómica prevé que se executará o total destes recursos europeos no prazo previsto, que remata o 31 de decembro do ano 2023, o que permitirá o reembolso da totalidade dos fondos europeos estruturais do período 2014-2020.